

# Testamento

# VITAL



# Argumentario

## VIDA DIGNA E MORTE DIGNA

- A persoa sempre é digna, con independencia de calquera condicionamento. A súa dignidade inviolable e a súa vocación transcendente están enraizadas na esencia do seu mesmo ser.
- Coa expresión «morte digna» quérese dicir que «eu son dono da miña vida: eu morro cando queira». Pero a vida non é unha propiedade persoal, é un don que se recibe gratuitamente.
- «Morrer con dignidade» significa morrer coa menor dor posible, ao seu tempo natural, sendo informado adecuadamente, participando en todas as decisións importantes que lle afecten. Morrer coa axuda espiritual que precise.

## EUTANASIA: SOLUCIÓN OU DERROTA?

- A eutanasia expón a morte como solución, pero non acaba tanto co sufrimento, como coa vida. Non aporta solucións, acaba coa persoa que sofre.
- Resulta contradictorio defender hoxe a eutanasia, cando a medicina ofrece alternativas, cos cuidados paliativos, como nunca ata o de agora, para atender aos enfermos na última fase das súas vidas.
- A eutanasia e o suicidio asistido son unha derrota para todos. Non é compaixón. Compañón, «padecer con», é non abandonar nunca aos que sofren, non renderse nunca, senón coidar e amar para dar esperanza, porque «hai enfermos incurables, pero non incoidables».

## E OS OUTROS?

- Toda persoa é un agasallo para os outros e pódoo privar del. A miña vida é tamén para os meus pais, para os meus irmáns, para os meus sobriños. Somos para os demais.
- A enfermidade e a ancianidade supoñen para a familia un desafío emocional, un esforzo económico e desgastes familiares de diverso calado. O paciente ve e sófreo tamén. Por iso é moi importante asegurar o sostemento destas persoas e tamén o soporte adecuado para que a familia poda facer fronte ao desafío que supón o sufrimento dun dos seus membros.

# Protéxete: O Testamento Vital

A Lei de Eutanasia e unha realidade, e o xeito de protexerse é o testamento vital. Ofrecemos o texto redactado e aprobado pola Conferencia Episcopal Española:

## SUXESTIÓNS PRÁCTICAS

A continuación danse catro criterios xerais para que este testamento teña a eficacia práctica dun documento de últimas vontades.

1. Aconséllase consultar previamente a normativa do rexistro de vontades de cada comunidade autónoma, que se pode atopar facilmente a través de internet, xa que ditas normas poden presentar algunhas diferenzas.

2. Presentalo para a súa inscrición no rexistro oficial de tales vontades da súa comunidade autónoma (desde onde se dará traslado ao rexistro nacional). En todos os rexistros públicos, para a inscrición das instrucións previas e vontades anticipadas haberá que presentar conxuntamente un formulario ou solicitude de inscrición que lle será proporcionado no propio rexistro ou no seu centro de saúde; tamén se pode descargar da web da súa comunidade.

3. Convén que o asinen tamén tres testemuñas, cuxos datos de identificación deben constar no documento, ao que se chegará copia do DNI de tales testemuñas. Tamén se pode outorgar ante notario, e nese caso non son necesarias testemuñas. As testemuñas deben ser persoas que non convivan co titular, e non familiares como pais, avós, irmáns ou o esposo/a do declarante. Tampouco poderá ser testemuña quen comparta un negocio co que fai a declaración. Non poderán actuar como representantes o notario que autoriza o documento, o funcionario encargado do Rexistro de Instrucións Previas, as testemuñas ante as que se formalice o documento e os profesionais que presten servizo na institución sanitaria onde teñan que aplicarse as instrucións previas.

4. É conveniente que o que fai esta declaración entregue unha copia ao seu médico e aos parentes máis próximos (esposo ou esposa, fillos, etc.). Recoméndase que a copia que se entregue aos anteriormente citados sexa copia do presentado no rexistro, onde conste o selo ou xustificante de telo presentado.

## POR QUE É IMPORTANTE

O testamento vital é esencial:

- A) Para deixar constancia, de forma anticipada, da nosa vontade de aceptar ou rexeitar determinados tratamentos médicos. Desta maneira libérase aos familiares do peso de tomar decisións polo enfermo en situacións tan difíciles.
- B) Para evitar o atropelo á dignidade e á liberdade da persoa incapacitada que trae consigo a Lei da Eutanasia.
- C) Para axudar a humanizar o proceso da morte procurando unha asistencia humana, material e espiritual.

## É VÁLIDO ANTE A EUTANASIA?

A Lei Orgánica da Regulación da Eutanasia recolle que non poderá aplicarse a eutanasia no caso de que a persoa subscribise con anterioridade un documento con instrucións previas, testamento vital, vontades anticipadas ou documentos equivalentes recoñecidos legalmente.

Por iso é importante que se faga e se inscriba no rexistro de vontades vitais da comunidade autónoma correspondente para que teña valor xurídico.

## MÁIS INFORMACIÓN

Cada comunidade autónoma ten a súa propia normativa. Para saber como inscribir o teu «testamento vital» na túa comunidade autónoma entra en [www.conferenciaepiscopal.es](http://www.conferenciaepiscopal.es)

Se téis calquera dúbida podes consultar en:



**DIOCESE**  
**DE LUGO**  
DELEGACIÓN DE  
PASTORAL FAMILIAR

Telf. 667 677 363

[familia@diocesisdelugo.org](mailto:familia@diocesisdelugo.org)

[www.delfamilialugo.com](http://www.delfamilialugo.com)